



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

O CONCELLO DE MUROS ANUNCIA A CONVOCATORIA PARA CONTRATAR OS SERVIZOS PARA A DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN DO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DAS XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR” 2024 MEDIANTE A MODALIDADE CONTRATO MENOR

CONDICIÓNS:

O Mercado Mariñeiro Tradicional Muros Mira ao Mar 2024, celebrarase os días 5, 6 e 7 de xullo.

1. A entidade ou empresa contratada terá que:

Decorar e ambientar os espazos do mercado mariñeiro.

2. Espazos a decorar e ambientar:

A empresa adjudicataria ocuparase da decoración e ambientación do mercado e da súa área de influencia do conxunto histórico de Muros.

3. O prezo máximo das ofertas será de 6.000,00 € IVE incluído.

4. Elementos de decoración e ambientación requiridos:

As diferentes áreas indicadas neste apartado deberán estar decoradas con motivos mariñeiros, creando un ambiente singular en todas elas que escenifique a vida social dunha vila mariñeira rural de comezos do século XIX.

A decoración e ambientación incluírá a colocación de elementos decorativos xerais (decoración mariñeira tradicional, aparellos de pesca, cordas, cestos, aparellos de agricultura tradicional, teas e velas, redes,...) de temática mariñeira e rural nas seguintes rúas:

- Rúa Real
- Praza do Mercado
- Edificio do Mercado (exterior)
- Praza do Cristo
- Praza Pescadería Vella
- Pista da Xesta (as dúas pistas)
- Avenida Castelao
- Rúa Ancha



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Rúa Príncipe
- Rúa Xixón
- Rúa Saúde
- Rúa Anxo
- Rúa Canavala
- Rúa Florida

5. Montaxe e desmonte dos elementos de decoración e ambientación

A montaxe dos elementos de decoración, ambientación e delimitación, levarase a cabo dende:

- Dende o 1 ata o 4 de xullo de maneira que na tarde do 4 de xullo a decoración e ambientación quede rematada
- O desmonte dos elementos de decoración e ambientación levarase a cabo o luns 8 de xullo.

6. Outras obrigacións da entidade empresa adxudicataria e as establecidas no anexo I

A empresa adxudicataria farase cargo de igual maneira de:

- Recoller e limpar as zonas decoradas e ambientadas e todos os restos dos traballos realizados, deixando o chan totalmente libre de calquera elemento ou material e en perfectas condicións.
- Transportar e depositar os elementos de decoración, ambientación e delimitación de espazos ata os diferentes emprazamentos designados polo Concello, xunto coa súa carga e descarga.
- Suxeitar os elementos decorativos e de ambientación da forma máis adecuada
- Reparar calquera dano que poida ocasionarse tanto na montaxe como o desmonte destes elementos, así como aqueles ocasionados por unha incorrecta ou deficiente instalación.

7. As entidades ou empresas interesadas en participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida á alcaldesa do Concello de Muros, xunto con:

- Proxecto descritivo da decoración e ambientación
- Unha declaración responsable indicando que non está incurso en causas ou prohibicións para contratar e estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social
- O seguro de responsabilidade civil da empresa

8. Os criterios avaliáveis serán os seguintes:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Mediante xuízo de valor

Proxecto descritivo: Ata 7,00 puntos na que se valorarán os seguintes aspectos:

- a) Calidade e innovación da proposta
- b) Autenticidade cultural
- c) Tematización mariñeira
- d) Atractivo visual
- e) O uso de materiais sostibles
- f) Participación social

- Mediante a aplicación dunha fórmula aritmética

Oferta económica: Ata 3,00 puntos

A fórmula de aplicación neste apartado será a establecida no programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación da Coruña e que se pode consultar no seguinte enlace:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/valoracion/formula>

Excluíranse as ofertas anormalmente baixas ou temerarias cuxa probabilidade de materialización, a priori, sexa remota ou dubidosa para os efectos de cumprir adecuadamente o obxecto do contrato.

9. O contrato poderá quedar deserto no caso de que os proxectos non acaden unha puntuación mínima no proxecto descritivo de 3,50 puntos.

10. Prazo de presentación:
Do 6 ao 20 de maio

11. Lugar de presentación:

No rexistro de entrada do Concello de Muros ou na sede electrónica sede.muros.gal



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tíno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANEXO I

OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

Persoal

O adxudicatario exercerá a dirección do persoal destinado á execución do contrato, responsabilizándose da concesión de permisos, vacacións e licenzas, control da asistencia ao traballo e produtividade, pagamento de salarios, cotizacións á Seguridade Social e retención do IRPF, cumprimento da normativa en formación e prevención de riscos laborais, etc.

O persoal deberá prestar o servizo debidamente identificado.

O contratista estará obrigado a asegurar un servizo de urxencia que deberá proceder á reparación inmediata das avarías ou imprevistos que se produzan.

O contratista nomeará un interlocutor co Concello en relación co contrato.

O contratista comprométese á aportación á prestación do servizo do persoal co grao de formación adecuado para iso.

Materials

Todos os materiais, equipos, maquinaria e instalacións afectas ao contrato contarán coa garantía establecida normativamente.

Todos os materiais utilizados deberán ser polo menos da calidade esixida polo fabricante, cumprir coa normativa vixente, e estar, no seu caso, homologados polos organismos correspondentes.

O material e servizos deberán estar en día e hora no día das xornadas ou segundo as necesidades.

Todos os materiais subministrados deberán cumprir a normativa correspondente, en especial o Real Decreto 2816/1982, regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, a Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Responsabilidade respecto ao material e servizos contratados

Os gastos ocasionados pola reparación de danos producidos e que sexan responsabilidade do contratista deberán ser soportados por este, sen que poida reclamar cantidade algunha ao Concello de Muros.

O contratista será responsable da calidade dos traballos técnicos que se efectúen, debendo contar para iso con persoal responsable e preparado para a realización dos traballos incluídos no contrato.

O contratista será responsable dos accidentes ou danos de calquera natureza causados directamente polos elementos decorativos como consecuencia de fallos ou defectos no seu funcionamento producidos por un mantemento ou instalación inadecuada, así como dos posibles prexuízos que poida producir a terceiros ou aos bens municipais.